



## ***ACONTECEMENTOS DO ANO***

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *El Correo Gallego / O Correo Galego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Periódico de las Mariñas Coruñesas e Mariñán*.



*Alfredo Erias. «Cidade Ia». Dixitalización con Corel 10 e Photoshop 7.0. 1995-2003.*

### **Xaneiro de 2002**

Iniciou o seu camiño o EURO, a nova moeda da Unión Europea. Ó longo dos primeiros días deste mes as entidades bancarias tiveron moito traballo ante a impaciencia da xente por cambiar as pesetas polos novos euros.

#### **5 de xaneiro de 2002**

Os Reis Magos de Oriente percorreron as rúas da cidade tirando milleiros de caramelos, para despois recoller as peticións de tódolos nenos betanceiros. A organización correu a cargo dos *Amigos da Cabalgata*, co patrocinio do Concello e a colaboración de diversas asociacións.

#### **16 de xaneiro de 2002**

O Centro Municipal de Servizos Sociais abriu unha oficina de información dirixida a familiares e persoas achegadas a enfermos de alzheimer.

#### **23 de xaneiro de 2002**

O Alcalde, D. Manuel Lagares, entregoulle ó Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga as conclusións do «II Congreso de Pequenas Ciudades Españolas», celebrado na nosa cidade en novembro de 2001.

#### **28 de xaneiro de 2002**

O Alcalde, D. Manuel Lagares, presentoulle en Madrid ó Ministro de Administracións Públicas, D. Jesús Posadas, as conclusións do «II Congreso de Pequenas Ciudades Españolas» celebrado na nosa cidade.



La Voz de Galicia: Álvaro Ballesteros

### **Xaneiro de 2002**

Coa subasta de tódolos bens pechou as súas portas a Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva de Betanzos. Fora creada no ano 1988 e ocupaba parte do edificio do convento de Santo Domingo.

### **5 de febreiro de 2002**

Na Sala de Exposicións do Edificio Liceo foi inaugurada a *VII Mostra de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo*. O acto, que estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, contou coa presenza do Vicepresidente da Deputación, D. Carlos López. A exposición, de carácter itinerante, estivo conformada por obras que foron adquiridas recentemente pola Deputación



César: E. Blanco

### **8 de febreiro de 2002**

Tivo lugar na igrexa de San Francisco unha actuación da Orquestra Sinfónica de Galicia dirixida por Lorenzo Ramos. Interpretou obras de Richard Strauss e F. Schubert.

### **9-13 de febreiro de 2002**

Desenrolouse ó longo destes días o programa de Festexos do Antroido elaborado polo Concello, no que tiveron cabida bailes, atraccións para nenos, disfraces, e rematou co enterro da sardiña.

### **Febreiro e marzo de 2002**

Ó longo deste mes, e ata xuño, visitaron a nosa cidade varios colexios de Galicia co *Tren da Lingua*. O obxectivo desta iniciativa é o acercamento dos máis pequenos ó tren e ó mesmo tempo fomenta-lo uso do idioma. Foi iniciativa promovida por Caixanova, Renfe e a Xunta de Galicia que contou coa colaboración do Concello.

### **Febreiro de 2002**

Neste mes, o Alcalde, D. Manuel Lagares, realizou unha visita oficial a Uruguai e Arxentina.

### **16 de febreiro de 2002**

Na igrexa de Santo Domingo tivo lugar o acto de toma de posesión do novo párroco de Santiago e Santa María do Azougue, D. Manuel Rodríguez Rodríguez. O Arcebispo de Santiago de Compostela, D. Julián Barrio Barrio, foi o encargado de presidir o acto. O novo párroco contou co calor e apoio de moitos dos seus antigos ferigreses de Carballo.



### **22 e 23 de febreiro**

Estreouse na Aula Municipal de Cultura a obra *Mulleres*, da compañía Uvegá Teatro, dirixida por Vicente Montoro.

### **25 de febreiro de 2002**

Inaugurouse neste día un *Punto Verde* no Polígono de Piadela. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e contou coa presenza do Presidente do Consorcio de As Mariñas, D. Julio Sacristán e outras personalidades.

### **Marzo de 2002**

Por un convenio entre a Deputación e o Concello comezou a desenrolarse neste mes o Plan 2000 de Recuperación da Arquitectura Popular. Restaurouse a Fonte das Catro Estacións situada no Carregal, Diana Cazadora e os cruceiros de Nosa Señora e da Cruz Verde. Os traballos duraron ata finais do mes de maio.

### **Marzo de 2002**

Coma en anos anteriores, baixo a organización do Club Ciclista, viñéronse celebrando os domingos deste mes as xa tradicionais Marchas Ciclistas Populares.

### **17 de marzo de 2002**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Hamlet e familia*, interpretada pola compañía Casa Hamlet e dirixida por Manuel Lourenzo.

### **21 de marzo de 2002**

O Alcalde, D. Manuel Lagares, recibiu na Sala Capitular do Concello un grupo de alumnos austríacos que ó longo destes días estiveron convivindo con familias da nosa cidade e comarca por un intercambio co Instituto de Bacharelato *Francisco Aguiar*.

### **22 de marzo de 2002**

Na igrexa de San Francisco celebrouse un concerto dos Nenos Cantores da Orquestra Sinfónica de Galicia, dirixidos por Luís Vázquez.

### **23-24 de marzo de 2002**

Celebrouse na Praza do Campo a *III Feira do Queixo. Mercado Sectorial de Productos Agrarios*. Ademais dos postos de venda deste produto, a mostra contou con mostras artesanais e industriais e coches antigos. O acto contou coa presenza de milleiros de visitantes, que animados polo bo tempo, se achegaron a probar e mercar. A organización correu a cargo do Concello, que contou coa colaboración de diversas asociacións de Betanzos e da comarca. O primeiro premio ó mellor queixo fresco foi para D<sup>a</sup> María Luísa Vidal (de Abegondo). O primeiro premio para os semi curados foi para D<sup>a</sup> Carmen Gómez Taboada (de Abegondo). O premio ó mellor posto foi para D<sup>a</sup> Manuela Castro Valiño.

### **23-30 de marzo de 2002**

Ó longo destes días viñéronse desenrolando os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo Catedrático de Historia da Arte da Universidade da Coruña, D. Ramón Izquierdo Perrín, na igrexa de San Francisco. Os actos máis relevantes foron as procesións de Domingo de Ramos, Vía Crucis, Santo Entero e, para finalizar, a dos Caladiños.

### **6 de abril de 2002**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación do libro *Contos de viaxe*, do que é autor Amadeo Cobas. A presentación correu a cargo do Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira.

### **Abril de 2002**

Un equipo formado por alumnos de 4º de ESO do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos logrou o segundo premio no *Rally Matemático «Sen Fronteiras»*. Este concurso que conta co patrocinio da Xunta de Galicia, está organizado pola Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (Agapema) e a Asociación de Profesores de Ciencias de Galicia (Enciga).

### **Abril de 2002**

Comezaron a desenrolarse os Cursos de Formación Ocupacional nas especialidades de albanelería e fontanería na Escola Taller. O Concello contou para a súa realización coa colaboración da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

### **12-20 de abril de 2002**


Celebráronse ó longo destes días os actos de conmemoración do 50 Aniversario do Instituto Francisco Aguiar. Consistiron os mesmos en conferencias, mostra de fotografías, competicións deportivas, concertos, recitais poéticos, comida de confraternidade e a edición dun libro que recolleu moitos dos momentos dos anos de funcionamento deste centro de ensino (véxase o traballo que sobre este tema se publica no presente *Anuario Brigantino*).

### **14 de abril de 2002**

No Colexio Nosa Señora do Sagrado Corazón tivo lugar a décima edición das Xornadas de Xogos de Mesa, na que participaron nenos e pais pertencentes ás asociacións pro minusválidos de toda a provincia da Coruña.

### **19 de abril de 2002**

O novo párroco de Santa María e Santiago, D. Manuel Rodríguez, recibiu o nomeamento de *Carballés do Ano*. Esta distinción foille outorgada en recoñecemento da súa labor profesional polos sete concellos de Bergantiños, diversas asociacións e medios de comunicación locais.



### 21 de abril de 2002

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral polo grupo Nove-Dous Teatro da obra *Historias Mínimas*, de Javier Tomeo.

### 23 de abril de 2002

Visitou neste día a nosa cidade o Arcebispo de Madrid, Monseñor Rouco Varela e varios membros do Consello Episcopal entre os que estaban os bispos Monseñor Eugenio Romero Pose, Monseñor Fidel Hérreaez e Monseñor Alberto Iniesta. Foron recibidos polos párrocos de Betanzos, D. Manuel Rodríguez e D. Manuel Ares, así como polo Alcalde, D. Manuel Lagares e outras personalidades.



César. E. Blanco

### 25 de abril de 2002

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un recital poético, no que participaron Estíbaliz Espinosa, Pilar Pallarés, José Abeal, Olga Novo, Juan Abeleira e Manuel Álvarez. O acto foi organizado polo Instituto de Ensino Secundario *As Mariñas*, de Betanzos.

### 29 de abril de 2002

Inaugurouse a Gardería Municipal, emprazada nas antigas Escolas de San Francisco, despois das obras de rehabilitación subvencionadas pola Xunta de Galicia. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e nel estiveron presentes o Conselleiro da Presidencia, D. Jaime Pita, a Concelleira de Familia, Muller e Xuventude, D<sup>a</sup> Manuela López, D. Jaime Lafora como representante da familia García Naveira, e diversos membros da Corporación Municipal.



César. E. Blanco

### **2-5 de maio de 2002**

Betanzos estivo representado, como en anos anteriores, na Feira *Turisport* de Silleda. O posto brigantino deu a coñecer os atractivos da cidade ós posibles visitantes.

### **5 de maio de 2002**

Os betanceiros Emilio Lousa e Bruno Vázquez proclamáronse en Lugo Campións Galegos de Duatlón, nas categorías absoluta e sub-23 respectivamente.

### **Maio de 2002**

Celebrouse neste mes un curso de Educación Vial dirixido ós nenos dos colexios Vales Villamarín e Nosa Señora do Carme. Estivo organizado pola Delegación de Tráfico e coordinado polo Cabo da Policía Municipal, D. Manuel Seijo.

### **6-11 de maio de 2002**

Encadrada no programa de actos elaborado polo Concello con motivo das Letras Galegas, no Edificio Liceo, puido verse a exposición guiada de «Frei Martín Sarmiento», organizada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.



César: E. Blanco

### **10 de maio de 2002**

Na Sala Capitular tivo lugar unha recepción a un grupo de alumnos da Escola Naval de Ferrol. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

### **14 de maio de 2002**

Dentro do programa de actos elaborado polo Concello con motivo das Letras Galegas, na Sala de Mostras do Edificio Liceo inaugurouse a *VIII Mostra Documental de Betanzos*, dedicada a «Francisco Javier Martínez Santiso: fotógrafo, pintor e debuxante» (1868-1934).



César: E. Blanco

### 15 de maio de 2002

Organizado polo Centro de Maiores de Caixa Galicia de Betanzos, celebrouse no Salón de Actos desta entidade un maratón de lectura en homenaxe a Martín Sarmiento. Léronse Contos Populares e o Xabaril Branco, de Tucho Calvo, que foi o encargado de pechar os actos.



### 15-19 de maio de 2002

Celebrouse na Av. do Carregal a *XVII Festa do Viño de Betanzos*, que deu comezo coa lectura do pregón a cargo do Director Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, D. Andrés Precedo Ledo. Na cata dos viños presentados a concurso resultaron gañadores: D. Pedro Vilariño Martínez, en tintos, e D. Andrés Gómez Cachaza, en branco. Como novidade deste ano os viños xa levaron a etiqueta «Viño da Terra de Betanzos», logo que a Xunta lle concedera esta catalogación.

## Pregón da Festa do Viño

**A**ntes de dar comezo a este pregón, quero saudar a todos os betanceiros e betanceiras, que teñen o privilexio de ser, de sentirse, de pertencer a esta máis que fermosa e rica terra de Betanzos, da comarca de Betanzos.

Esta nova edición da Festa do Viño de Betanzos non ven máis que lexitimar unha tradición centenaria dende o Brigantium romano: o cultivo e a colleita do viño.

Cantas veces na longa historia desta vila e da súa terra, o viño, unha vez repousado e listo para ser degustado, foi eixe das agarimosas xuntanzas dos amigos nas adegas, bebendo da cunca, con cada sorbo, un conto, unha historia, unha confesión, mil segredos e doces ledicias. Porque o viño, queridos amigos, non só acompaña á festa, senón tamén ós tempos de soidade, sempre que o seu uso non conduza ó abuso.

Da súa bondade fala a súa longa historia. Permítaseme, xa que logo, resumir algúns feitos significativos da cultura do viño.

Se nos remontamos ás orixes da nosa civilización, sabemos que xa no segundo milenio antes de Cristo os tartesos realizaban comercio de viño con outros pobos. Herdeiros da súa tradición, tempo despois, os fenicios introduciron algunhas clases de cepas na Lusitania, á vez que os celtas chegaban coas súas variedades de vide a este recanto occidental, tal vez fose esa a orixe das nosas cepas. Habían ser os gregos, con quen o viño entrou na mitoloxía clásica, os que, no século VII a. C., provocasen o desenvolvemento da viticultura no territorio peninsular, correspondéndolles, pola súa banda, ós romanos o papel de grandes impulsores do cultivo do viño na nosa terra.

Séculos despois, foi o cristianismo, e principalmente os mosteiros, os que produciron unha nova extensión do cultivo da viña e a inclusión deste produto na dieta alimentaria.



Tal foi o éxito da súa introducción na dieta do pobo que, no tempo das descubertas, foi levado a América nas naves dos descubridores. Era un produto imprescindible, que se consumía como alimento, medicamento e, dende logo, como reparador de forzas dos tripulantes, soldados e colonizadores.

Vemos, polo tanto, que o viño é un sinal de civilización, que contén profundas raíces da nosa cultura e da nosa historia secular.

Polo que se refire a estas terras, cando en 1219 as xentes de Betanzos o Vello se trasladan ó castro de Uncia, a orixe da vila, unha das cousas que tiñan claro era que o viño constituía unha das bases da súa economía. Foi por iso que plantaron grandes extensións de viñado, substituíndo así á sidra altomedieval.

Xa daquela se confiaba nos recursos da terra. Porque na baixa Idade Media estaba prohibido vender e mesmo beber viños que non fosen os de Betanzos. Dende o primeiro día da vendima ata o día do San Martiño, non podía entrar o viño de fóra no interior das murallas da cidade.

Iso, amigos e amigas, era ser listos. Iso era apostar polo propio, defender os produtos propios. Iso eran sinais de identidade levados do papel á práctica.

Indicaba o licenciado Molina, nun texto de 1550, que Betanzos era unha das principais cidades do reino, con xente nobre e de calidade, ben abastecida, rica en toda clase de froitos e terra de moito viño. Un século despois, en 1675, Rodrigo Méndez Silva volvíase referir á riqueza que en pesca, hortalizas, froita e, dende logo, viño atesouraba esta vila.

Logo, Betanzos viviría a «febre do viñado», no século XVIII, o século de maior expansión das cepas por estas terras. Os labregos contaban co seu gremio, de orixe baixomedieval, que foi moi importante nesta comarca, xunto coa Confraría de Santo Antón Abade, que aínda hoxe se perpetúa nas festas evocando o espírito dos antepasados.

A exaltación do viño de Betanzos non é ningún capricho nin unha moda, senón que é un feito enraizado na historia local e sobre a que podemos construír a nosa propia mitoloxía. O branco lexítimo, os afroitados 'agudelo' e 'godello'... Os tintos 'roibal' e o 'serradelo', son variedades míticas coas que, seguro, brindaron os deuses do Olimpo. Ou o saboroso mencía, viño que, de telo probado Séneca, ben seguro que trasladaría a súa residencia a esta «Cidade dos Cabaleiros».

Claro que, daquela, nin o conto sería o mesmo, nin a historia sería igual.

A que foi unha das provincias do Antigo Reino de Galicia ten sinais propios, razóns de ser propias, identidade propia. E todo isto debeuse e débese ás xentes que protagonizaron e protagonizan o seu crecemento, tanto aqueles que foron ou son coñecidos, os «cabaleiros», como aqueloutros, quizais os máis importantes: as xentes anónimas, as xentes que pelexan día a día por cavar, podar, bimar e colleitar os froitos da vida, ben sexa nunha leira, nunha viña ou ó pé do posto de traballo.

Como di ese refrán popular referente ó viño: «Cáveme quen queira, pódeme quen saiba, bímeme calquera... pero cóideme o meu amo».

Co mesmo amor, coa mesma tenrura, co mesmo agarimo e coa mesma entrega, co mesmo mimo con que se cuida a cepa, temos que coidar a vida, ese longo camiño que cómpre andar con paso firme, sen présa, pero tamén sen pausa, sabendo cándo é o tempo da cava, o da poda, o da bima, o da vendima e o da colleita.

Foron moitos os escritores, os poetas, os artistas, que teñen homenaxeado o viño... e non menos, estou seguro, os que teñen creado gracias ó viño, ou, polo menos..., ben axudados por unha boa cunca de viño. Porque, se se sabe dosificar debidamente, este sangue dos deuses esperta a fantasía, a imaxinación, a creatividade... Faille o camiño doado á palabra. Ponlle cor á primavera cando está na cepa, e ó outono, cando está na barrica.

Despois, ponlle cor á cara, cando vai da copa á boca, e da boca ó estómago. Pero antes deléitanos coa súa cor engaiolante. Percórrenos e provócanos emocións ó viaxar por ese fantástico mundo das sensacións olfactivas. Despois, recrease como unha ninfa ociosa no padal, percorrendo cada papila gustativa ó compás dunha suave danza, a poder ser a dos mareantes betanceiros.

O viño realza todos os sentidos. E os sentidos condúcennos ós sentimentos. Por iso, é importante o viño en canto á relación persoal e intransferible que cadaquén establece de xeito san con el.

Pero tamén é un ben productivo, un recurso, unha potencia económica. E, como tal, debemos defendelo, porque forma parte intrínseca da nosa mesma existencia. É cultura, é tradición, é costume... pero tamén é riqueza.

A ninguén se lle escapa o loureiro colgado da porta da casa ou da adega, anunciando a chegada do bo viño de Betanzos. Da mesma maneira, a ninguén se lle pode escapar o feito de proxectar todo iso nunha nova linguaxe que posibilite incrementar a produción sen renunciar nin a unha migalla da calidade que fará distinguir os viños de Betanzos.

E nesa cava, nesa poda, nesa bimada, nesa vendima... e nese coidadoso proceso de elaboración, toda a poboación debe estar comprometida e integrada. Porque se o futuro é de todos, de todos é tamén o traballalo e defendelo.

Amigas e amigos de Betanzos, quero brindar neste intre por ese futuro facendo chocar as copas de viño cun sorriso nos beizos, cunha mirada amiga, cun sorriso cómplice, cunha man compañeira... para traballarmos todos xuntos polo desenvolvemento desta terra que ten nome e apelidos: Betanzos dos Cabaleiros.

E se me permitides, neste encontro con vós, a través deste pregón que acende a Festa do Viño de Betanzos, quixera lervos un soneto dedicado ó viño, que o poeta ourensán Millán Picouto escribiu, seguro que convencido da maxia que envolve este fermoso e saboroso líquido que a terra dá, coa axuda da man do home:

*Eterno pai, de humores louros, pintos,  
fillo trasnal e gloria do bo acio,  
anda, deserta do claror do espacio  
e vente aos meus escuros labirintos.*

*Ródame gorxa abaixo non despacio  
en fontes de dozura e regos tintos;  
fecúndame de incendios nunca estintos  
e fai de min para sempre o teu palacio.*

*Adentro, viño, adentro a arremuiñarte  
nas vísceras sedentas que che entrego  
pra que mas regues ben de parte a parte.*

*E logo de trazar remuiños tantos,  
súbeteme ó cerebro, artista cego,  
e alí enxendra cantos e máis cantos.*

Moi antiga é, efectivamente, a tradición do viño nesta terra tan fermosa. Isto é o que nos permite degustalo, saborealo, ter unha boa relación con el. Pero que non sexa só o viño de Betanzos o que embriague os sentidos, porque esta vila ten moitas máis cousas que traspasan, engaiolan e, dende logo, embriagan os nosos sentidos.

O extraordinario patrimonio artístico ademais da riqueza natural, da beleza natural, fan unha perfecta comunión entre a auga doce, a auga salgada, a montaña, os vales... E todos estes elementos conxuntamente si que teñen un gran poder de embriagar os nosos sentidos, coa súa beleza.

Frei Martiño Sarmiento, que mañá é homenaxeado no Día das Letras Galegas, foi un dos homes máis cultos da España do século XVIII e deixou escritas unhas coplas galegas que din:

*As viñas prometen,  
xa estamos sen medo,  
que haberá nas vendimas  
gran falta de cestos.*

*Na vila traballan  
tantos toneiros  
que aboucan as rúas  
con tanto golpeo.*

Que estes versos sexan indicio dunha colleita ventureira, da fartura e prosperidade para estas terras. E que sexan tamén símbolo da ledicia e do espírito de irmandade de todas e todos os moradores deste lugar.

Álvaro Cunqueiro, egrexio escritor galego e home de intensa relación con esta vila, escribiu na prensa, a mediados dos anos cincuenta, un artigo que di: «Se eu pintase ... Betanzos e o seu país, poría a claridade da mañá de agosto, unha luz festiva e abundante, sobre a cidade, e no canal encendido por onde vai a luz do sol nas mañás, pintaría o anxo da alegría e da eterna xuventude, tocando a cidade coa punta da súa vara de ouro».

Foi tamén o propio Cunqueiro quen, en máis dunha ocasión, gabou a calidade do viño e da augardente de Betanzos. E tal é isto así que deixou dito que: «Aos galegos gústannos os nosos viños. Quizabes porque teñen máis ganas de falar ca nós, ou porque teñen un sabor fuxitivo, e buscándolles, rememoramos tempos, lugares, xentes, amores, despedidas...». E dixo tamén, noutro escrito, que o de Betanzos era un viño cadete. Nós queremos facelo ascender a xeral.

¡Veciñas e veciños de Betanzos!, moitas gracias por convidarme a compartir con vós este comezo festivo, e contade comigo agora e sempre, nesta defensa firme e constante dos nosos valores.

¡Betanceiros...!: ¡¡¡Viva a Festa do Viño de Betanzos!!!  
¡Viva Betanzos! ¡Beba Betanzos!

**Andrés Precedo Ledo**




César: E. Blanco

### **17 de maio de 2002**

Dentro da celebración do Día das Letras Galegas, o Concello editou o libro *Betanzos fotográfico: Imaxes dos séc. XIX e XX*, do que son autores Alfredo Erias e Xosé María Veiga. A presentación fíxoa o recoñecido fotógrafo galego, Xurxo Lobato. O acto, celebrado na Aula Municipal de Cultura, estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e contou coa presenza do Delegado de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz.

### 19 de maio de 2002

Dentro dos actos programados para a celebración das Letras Galegas tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra *Farsa Plautina* polo grupo Muradana.



César: E. Blanco

### 20 de maio de 2002

Comezaron os traballos de consolidación do tímpano da igrexa de Santa María, que consistiron na suxeición da peza cunha pletina sobre dúas columnas. Posteriormente realizouse un proceso de restauración da parte superior, que se encontraba xa bastante deteriorada.

### 21 de maio de 2002

Na Sala de Conferencias do Edificio Liceo tivo lugar unha recepción ós deportistas betanceiros máis destacados do ano 2001. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, a quen acompañaba o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz.

### 22 de maio de 2002

Con motivo da festividade de Santa Rita, patrona dos funcionarios da Administración Local, o Alcalde, D. Manuel Lagares, entregoulles insignias ós traballadores que se xubilaron este ano, e que foron: D. José Sanmartín Carro, D. Germán Rivas Campos e D. Manuel Freire Pazos.

### 26 de maio de 2002

Dentro do Programa de Actos das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación teatral titulada *A illa amarela*, polo grupo Sarabela Teatro.

### 30 de maio de 2002

Na Sala Capitular o Alcalde, D. Manuel Lagares, entregoulle a D<sup>a</sup> Antonia Picado Porto, unha placa e un ramo de flores con motivo do seu centenario.

### 31 de maio de 2002

Na Aula Municipal de Cultura a Agrupación Teatral Mariñán representou: *La opinión*, de Antonio Martínez Ballesteros, e *No hay ladrón que por bien no venga*, de Darío Fo.



César: E. Blanco

#### 4-6 de xuño de 2002

Celebrouse ó longo destes días no Colexio Nosa Señora do Carme (A Grande Obra de Atocha) o ciclo de conferencias *Familia y Escuela Juntas*. Contaron coa participación de varias personalidades políticas, educativas e relixiosas: o Arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio, o Delegado do Goberno en Galicia, D. Arsenio Fernández de Mesa, o Concelleiro da Presidencia, D. Jaime Pita e os profesores, D. José Ramón Amor Pan, D. Manuel Peralbo Uizquiano e D. Andrés García Valiño.



César: E. Blanco

#### 9 de xuño de 2002

Tivo lugar en Lugo a Ofrenda ó Santísimo, que realizaron as sete capitais do Antigo Reino de Galicia. Betanzos estivo representada polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

#### 9 de xuño de 2002

Organizado polo Concello en colaboración coa Asociación de Amigos da Banda, celebrouse na igrexa de San Francisco o *V Encontro de Bandas de Música*, que contou coa participación das Bandas de Narón e Melide.



César: E. Blanco

#### 14-16 de xuño de 2002

O Alcalde, D. Manuel Lagares, participou coa ponencia titulada *Desarrollo y financiación local: Fondos Europeos*, no *III Congreso de Pequeñas Ciudades* celebrado en Montijo.

#### 18 de xuño de 2002

Foi inaugurada a Aula da Natureza no alto do Parque *O Pasatempo*. Unha colección botánica, unha sala de exposicións e un aula de vídeo conforman este novo espazo adicado ó fomento e divulgación da natureza e de actividades de educación ambiental. O acto ó que asistiu o Vicepresidente da Deputación, D. Juan Blanco e varios concelleiros, estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

#### Xuño de 2002

A moza betanceira, Carmen Bujía obtivo o Premio Extraordinario de Bacharelato, outorgado pola Xunta de Galicia. Os nosos parabéns.

#### Xuño de 2002

Betanzos foi a cidade de Galicia elixida polo Proxecto Médico Internacional *Optiford* para medir na poboación feminina de máis de sesenta anos o risco de padecer osteoporose.





César: E. Blanco

### **18 de xuño de 2002**

Na Sala de Conferencias do Edificio Liceo foi recibido o equipo infantil do Betanzos F.C. con motivo de se proclamar campión da categoría e de conseguir o ascenso á Liga Galega. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado polo Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz e do Presidente do Betanzos, D. Julián García.



César: E. Blanco

### **21 de xuño de 2002**

Na Sala Capitular tivo lugar a presentación da II Semana Internacional de Cine de Betanzos, enmarcada dentro do *V Curso de Verán da Universidade da Coruña*. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e contou coa presenza de D. José María Paz Gago, director do curso, D<sup>a</sup> Isabel Torrente, do Departamento de Audiovisuais da Universidade da Coruña, D. Vicente Iglesias Martelo, e o crítico, D. César Wonenburger.

### 21 de xuño de 2002

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a entrega do premio *Protagonistas del mañana*, instituído polo *Rotary Club* ós valores humanos e sociais dun/ha mozo/a que curse estudos nun centro de ensino de Betanzos. O premio, este ano, foi compartido e recaeu nas mozas María José García Barallobre, de Miño, e Verónica Sánchez Campos, de Betanzos. No acto estiveron presentes os Alcaldes e representantes dos concellos de Bergondo, Coirós, Paderne e Betanzos.



César: E. Blanco

### 1-14 de xullo de 2002

Ó longo destes días puido contemplarse unha mostra de pintura de Joaquín Balsa na Sala de Exposicións do Liceo.



César: E. Blanco

### 10 de xullo de 2002

O Alcalde, D. Manuel Lagares, presentou o *Programa da V Feira Franca Medieval*. No acto estivo acompañado de varios membros da Corporación e da organización da feira, todos ataviados con traxes medievais.

### Xullo de 2002

O Club Náutico Ría de Betanzos acadou cinco medallas de ouro, dúas de prata e cinco de bronce nos campionatos galegos de piragüismo.

### 10 de xullo de 2002

Celebrouse na Praza da Constitución un desfile de vestimenta medieval, organizado polo Concello, a cargo dos colaboradores das escenas teatrais da Feira Franca.



César: E. Blanco

### **11 de xullo de 2002**

Como antesala da celebración da Feira Franca, celebrouse na Aula Municipal de Cultura unha conferencia de Alfredo Erias sobre a caza na Idade Media, ilustrada polas súas pinturas sobre o tema, para as que tomou como base os relevos existentes na igrexa de San Francisco. O acto foi presentado por Xulio Cuns e organizado polo Concello.

### **12-14 de xullo de 2002**

Celebrouse ó longo destes días no casco histórico da cidade a *V Feira Franca Medieval*, que contou, como ven sendo habitual cunha ampla participación de tódolos cidadáns e gran afluencia de visitantes. Postos de mercaderes e oficios medievais, concertos, obras teatrais da época, malabares, cetrería, xogos populares e infantís, autos de fe como o xuízo e queima da bruxa, representación do tributo das cen doncelas, expulsión dos leprosos, torneos medievais a cabalo, danzas gremiais... foron algunhas das actividades que se realizaron ó longo destes días.

A feira deu comezo coa representación dun saúdo entre o Conde de Andrade e o Alcalde, para a continuación dar lectura ó pregón a cargo do actor Santiago Fernández.

## **PREGÓN DA V FEIRA FRANCA MEDIEVAL**

Señores rexedores, benqueridos amigos: Nos meus recordos da nenez sempre reclamou a miña atención, cando escoitaba o nome desta cidade, o xenitivo que a caracterizaba: dos Cabaleiros, Betanzos dos Cabaleiros.

E agora, cando xa os tempos e as vivencias foron deixando o seu repouso, penso que non houbo outro máis atinado que este, compañeiro inseparable ó longo da historia do outro, rotundo, nobre e vedraño Brigantium.

Porque cabaleiros foron, e aínda son, aqueles que encontraron na súa vida unha tarefa especial que desenvolver, a ocasión de realizar un acto heroico, cal é a de vivir e a de morrer con dignidade.

Cabaleiros eran, son, os que mantiveron no seu espírito a necesidade imperiosa de vencer, non os seus inimigos externos, senón a si mesmos.

Cabaleiros foron, e son, os que acudiron prestos na axuda dos máis febles, dos máis necesitados, dos oprimidos.

Cabaleiros son e foron, aqueles que amosaron fortaleza no ánimo, perseveranza nos feitos e tarefas que emprenderon para mellorar o futuro dos próximos, medida na súa maneira de vivir. Aqueles que





César: E. Blanco

non se gabaron dos seus triunfos, nin choraron os soños que perderon.

Cabaleiros foron, e aínda son, os que non especularon cos riscos que podían ter na vida cando os que os precisaron reclamaban a súa presenza, nin se afundiron ante a dor ou o sufrimento, nin se obsesionaron coa morte, á que nunca temeron. Os bos cabaleiros non coñeceron a cautela dos covardes.

Cabaleiros eran, aínda son, os que fan unha observancia absoluta á fidelidade dos seus ideais, dos seus señores, dos seus amigos e dos compromisos adquiridos con eles mesmos e cos demais.

Cabaleiro era, e aínda é, o que amosa xenerosidade cos vencidos, protección cos necesitados, cortesía cos seus iguais e inferiores, galanura coas damas, respecto cos vellos, e cariño cos máis cativos.


Cabaleiros foron aqueles antepasados vosos, veciños da Torre de Peito Burdelo que armados soamente con pólas de figueira esnaquizaron os corpos dos orgullosos mouros que viñan cobrar o oprobioso tributo das cen doncelas.

De cabaleiros era levar inmaculado o brasón da liberdade e do desinterese persoal e afastarse sempre do proveito propio. Practicar a corrección na fala e nas maneiras e ser gardián do seu propio decoro e dignidade foi e é propio de cabaleiros.

Cabaleiros eran os que se opuxeron ó racionalismo económico, renegaron da avaricia dos ricos e do regateo dos especuladores.

Cabaleiro é o que sabe que a cortesía ou a súa ausencia non só diferencia ós individuos senón que é unha actitude ante os demais e ante a mesma vida.

Cabaleiro era o que pensaba que a nobreza non se adquiría por berce ou herdanza dun brasón ou polos esforzados feitos bélicos dos seus



César: E. Blanco

devanceiros, senón pola educación do espírito e a forxa do carácter.

Cabaleiro é o que comprende que os valores éticos, morais ou intelectuais nada teñen que ver coas consideracións sociais ou materiais.

Cabaleiros, benqueridos betanceiros, son os que, como os vosos antecesores, foron quen de plasmar en formas a elegante sobriedade das vosas pedras, a perfecta harmonía das vosas moradas ou o sorriso xentil das vosas estatuas.

Por iso poden estar orgullosas as miñas señoras desta vella cidade inzada ó longo da súa historia de homes, cabaleiros, que gañaron dignamente tan xenufno xenitivo. Poden estar orgullosas as miñas donas pois o respecto á muller era, e supoño seguirá sendo, unha das normas que esixía para ser nomeado cabaleiro, o eterno código da cabalería.

Nada tedes pois que envexar, miñas queridas señoras, as historias de Tristán e Iseo, Xenebra ou Lanzarote, El Quijote ou Dulcinea, historias de eternos namorados inmortalizadas polos cabaleiros trobeiros que por aquelas datas percorrían Europa.

O voso Ferrando de Esquíto deitaba nos oídos das nais das vosas nais e das nais das súas nais, e xa me perdo no tempo dos alentos cálidos e dos beixos eternos, aquilo de:

Amor, a ti me veño ora queixar  
Da mía señor, que te faz enviar  
Cada ú dórmio sempre a me espertar,  
e fazme de gran coíta sofredor;  
Pois el nenhun ben nos quis facer,  
¿Qué me queres, amor?

Estes foron os máis fermosos botíns de guerra que vos deixaron aqueles cabaleiros que hai uns séculos cabalgaron por estas fragas. Gracias a eles, e a que existían donas dignas de cabaleiros nestas terras Brigantinas, a nosa incomparable literatura medieval reflectiu, coma ningunha, a intimidade dos sentimentos máis profundos ou a infinita sede de amor

¿Como podemos entender, pois, que aqueles, por momentos soberbios cabaleiros reprimisen o seu orgullo e domasen a súa poderosa e impetuosa



César: E. Blanco



César: E. Blanco





César: E. Blanco

personalidade para mendigarvos non só o amor, senón, moitas veces, o favor de poder declarar o seu propio amor, estar dispostos a recibir en pago da súa devoción e fidelidade, soamente unha ollada benévola, unha palabra amigable, un sorriso?

«Vos habede-los ollos verdes,  
matarme edes con eles». (X. de Gaia).

Queridos amigos, como nobreza obriga, tiña a necesidade, como pregoeiro destas festas, de recordarvos onde morades. Nunha cidade inzada de fecunda historia, non só pola fermosura das súas centenarias pedras ou a galanura derramada da paisaxe, senón pola cortesía e nobreza dos seus moradores. Tendes a sorte de ser propietarios dunha cidade feita con amor ó longo de moitísimos anos gracias ó esforzo exquisito dos vosos devanceiros que souberon deixarvos un herdo invendible: a aristocracia do espírito.

Parabéns betanceiros.

¡Que teñades unha magnífica feira!  
*Santiago Fernández*

### 15 de xullo de 2002

Nunha dependencia do convento de Santo Domingo tivo lugar a inauguración da Aula de Informática. O acto estivo presidido polo Presidente da Deputación, D. José Luís Torres Colomer e o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez. As novas instalacións permitirán o acceso gratuíto a internet a todo cidadán que o desexe.



César: E. Blanco

### 18 de xullo de 2002

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia, que interpretou obras de Gerhard, Chaikovsky, Weber e Respighi.



César. E. Blanco

### 20 de xullo de 2002

Tivo lugar a *VIII Bienal de Pintura Balconadas*, organizada polo Concello co patrocinio da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial. Foron 135 as obras seleccionadas que quedaron penduradas dos balcóns do casco histórico. A presentación estivo presidida polo Alcalde, D. Manuel Lagares, acompañado do Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz e do artista, D. Jesús Núñez. O primeiro premio foi para a viguesa Clara de la Cuesta, o segundo, para José Rincón, e o terceiro, para Ana Pillado. O premio popular elixido polos votantes betanceiros recaeu en Lucía Ponte Calviño.

### 20 de xullo de 2002

Finou este día D. Ignacio Pérez Vázquez, profesor do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar de Betanzos e habitual colaborador do *Anuario Brigantino*, onde asinaba co pseudónimo *Brais da Bouza*. Foi un bo animador das institucións culturais do Concello e un home preocupado polo desenvolvemento cultural da cidade, cofundando e impulsando varios periódicos locais das últimas décadas. Dende o



*Anuario Brigantino* recordámolo con agarimo e agradecemento, non esquecendo que foi el (xunto a outros máis como D. José Luís Mauri, D. Domingo Varela, etc.) o principal colaborador de D. Francisco Vales Villamarín á hora de sacar á luz de novo o *Anuario Brigantino 1981*.

### 20 de xullo de 2002

No Auditorio do Pasatempo tivo lugar unha nova edición do *Festival Internacional de Folclore Cidade dos Cabaleiros*, no que participaron a Agrupación Folclórica Cultural *Orballo* de Pontedeume, *Los Gouyats* de l'Adou Dax de Francia, Agrupación de Danzas e Cantares de Pobo de Isenta de Portugal, Grupo Folclórico *Zagraza* de Ucraína e Grupo *Azougue*. A organización correu a cargo do Concello a través da Escola Municipal de Folclore.

### 23-26 de xullo de 2002

Desenrolouse ó longo destes días a *V Semana Internacional de Cine de Betanzos* adicada á Crítica Cinematográfica, enmarcada no «V Curso de Verán» organizado pola Universidade da Coruña en colaboración co Concello, do que son directores D. José María Paz-Gago e D. César Wonenburguer. O evento contou coa participación de críticos, directores escritores e profesores como: Vicente Molina Foix, Manuel Hidalgo, César Wonenburguer, Miguel Fernández, Casimiro Torreiro, Roberto Cueto, Luís García Jambrina. Paralelamente ás conferencias e mesas redondas, proxectáronse películas como *Mi coche con Maud*, *Primera plana*, *Más dura será la caída* e *Las Bellas durmientes*.

### 25 de xullo de 2002

No Cruceiro da Cruz Verde tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a vida por Galicia. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

### 26 de xullo de 2002

No marco da *I Feira do Libro* presentouse a publicación *Todo sobre la Letra, el Pagaré y el Cheque*, do que é autor o avogado brigantino e doutor en dereito, D. Antonino Vázquez Bonome. Nel estudianse os grandes cambios producidos ultimamente no mundo xurídico e bancario. No mesmo acto o autor presentou un extenso artigo sobre a novedosa maneira de obter aceptacións e avais cambiarios por vía electrónica, publicado na *Revista de Derecho Bancario y Bursátil*.

### 25-28 de xullo de 2002

Na Praza do Campo celebrouse a *I Feira do Libro*, organizada pola Federación de Libreiros, a Dirección Xeral de Política Lingüística e o



César: E. Blanco



César: E. Blanco





César: E. Blanco

Concello de Betanzos. A organización preparou varias actividades como actuacións musicais, teatro, obradoiros de gravado e encadernación, así como sorteos de lotes de libros. No acto de inauguración, que estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, deuse lectura ó pregón por parte da escritora Carmen Krukemberg. Coincidindo coa feira tivo lugar a presentación a cargo de Alfredo Erias, do libro, *La Guerra de la Sirena*, do filósofo coruñés e profesor do Instituto Francisco Aguiar, Luís Gorrochategui. Tamén presentaron as súas obras máis recentes os críticos cinematográficos, Eduardo Torres Dulce e Oti Rodríguez Marchante.



César: E. Blanco

### 30 de xullo de 2002

Na Sala Capitular tivo lugar unha recepción ó Betanzos C.F., que nesta tempada clasificouse nun meritorio terceiro posto da liga de Terceira División, disputando a promoción de ascenso á Segunda División B. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado polo Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz, do Presidente do Betanzos, D. Julián García e varios directivos.



César: E. Blanco

### **30 de xullo de 2002**

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto do grupo norteamericano *One a Chord*, un quinteto feminino de música ghospel.

### **1 de agosto de 2002**

Finou este día D. Pedro Carro y Carro, profesor do Instituto Francisco Aguiar, Director do Centro de Formación Profesional e impulsor de moitas actividades culturais e deportivas en Betanzos. Naceu en Callobre, parroquia de Cuíña, Oza dos Ríos, o 29-01-1928. No 1942 comezou os estudos de mestre industrial na Escola de Traballo. No 1950 gañou un concurso para a provisión dunha praza de mestre de taller no Instituto Laboral, polo que se trasladou a vivir a Betanzos. No 1962, con motivo da convocatoria dun concurso-oposición a nivel nacional, para cubrir as prazas de profesores técnicos de ensino medio, realizou un proxecto de instalación dunha central leiteira en Betanzos (logo sería instalada na Coruña) o que lle valeu o número un, conquerindo praza definitiva. No 1964 é elixido presidente da Asociación Nacional de Mestres de Taller e nomeado «Consejero Nacional de Educación», cargo que desempeñou ó longo de oito anos e que lle supuxo a concesión da Medalla de Alfonso



X O Sabio e o título de Ilustrísimo Sr. No 1975 faise cargo da Sección Delegada da Escola de Maestría Industrial en Betanzos, e comeza a súa loita para conseguir un Instituto de Formación Profesional para a cidade, o que logra no 1977, inaugurándose ó ano seguinte. No aspecto de relación con Betanzos, sempre estivo moi ligado ás inquedanzas culturais e deportivas, formando parte de numerosas asociacións (Benéfica San Roque, Liceo, Candilejas, etc.). No aspecto deportivo estivo na directiva do Brigantium sendo vicepresidente no ano 1954 e seguintes. Foi durante varios anos cronista do semanario Deportivo Riazor.

Tivo varios talleres mecánicos nos que formou grandes profesionais e deu emprego a moitos mozos da comarca. Neles fabricáronse os primeiros secadeiros de lúpulo e prensas para plantas medicinais, así como diversas construcións de estruturas metálicas que aínda hoxe funcionan. E encargouse durante moitos anos do mantemento dos tres reloxos municipais que existían en Betanzos, así como das instalacións da traída de augas.

Foi un fiel acompañante de D. Francisco Vales Villamarín, con quen percorría a comarca. Nestas viaxes recolleu información que máis adiante converteu en dous libros: *O Folclore no Ensino*, publicado no 1986 e *O Liño en Galicia*, obra aínda inédita. Dende a súa marcha de Betanzos dedicouse ó estudio da cultura e o folclore galego, entrando a colaborar con diversas asociacións e grupos culturais como Os Gaiteiriños, Asociación Cultural da Gaiteira e Coro Cántigas da Terra, do que era arquivero. No 1992 e na compañía de D. José Cardeso Liñares fundou a Sociedade Cultural e Museo «As Mariñas dos Frades», publicando a revista *Esculca*. Colaborou tamén cos concellos de Carral (facendo o seu escudo heráldico), Cambre e Culleredo. Tivo durante varios anos unha columna cultural en *O Correo Galego* que levaba por título «O baúl do Folclore». Coa colaboración de D. Xosé Casal Vázquez, escribiu un libro de música, titulado: *Música Folclórica Galega*, editado no 1996 e acompañado dun disco de panxoliñas.

### **1-12 de agosto de 2002**

Isabela e Julio Creo expuxeron as súas pinturas na Sala de Exposicións do Liceo.

### **3-13 de agosto de 2002**

Desenrolouse na Aula Municipal de Cultura e no claustro do Museo das Mariñas o Ciclo de Música «Verán 2002», organizado pola Delegación de Cultura e Deportes do Concello, e patrocinado pola Deputación da Coruña e Xunta de Galicia. Participaron nel os grupos: Trío Clásica, Dúo Curant, Evocación, Concerto para Verán e Versus.



César: E. Blanco

#### **6 de agosto de 2002**

Na Sala Capitular foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares, un grupo de nenos saharauís que viñeron convivir e pasar este mes con familias betanceiras.

#### **9 de agosto de 2002**

Na Sala Capitular do Concello foi presentado oficialmente o *Programa de Festas Patronais San Roque 2002* polo Alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado da concelleira, D<sup>a</sup> Beatriz Gómez. O cartel foi realizado por Luís Galán.

#### **13 de agosto de 2002**

No convento de San Francisco celebrouse o *Concerto Cidade de Betanzos*, coas actuacións da Agrupación Carlos Seijo, Coral Polifónica e Banda Municipal de Música.


#### **14-31 de agosto de 2002**

Na Sala de Exposicións do Liceo puido contemplarse unha mostra de pintura de José Ramón.

#### **14 de agosto de 2002**

Na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares, coroou á Raíña das Festas, a fermosa moza brigantina, Adriana Rey Carro. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial, tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do debuxante Siro López. A continuación, despois do *garelazo* e da solta de pombas, houbo unha recepción ás autoridades e personalidades invitadas.

Fíxose entrega dos premios *Garelos 2002* que foron os seguintes: En Cultura, o Instituto *Francisco Aguiar*; en Deporte, a Asociación *As Cascas*; en Industria, o deseñador betanceiro Jorge Vázquez Fernández. Entregáronse así mesmo os premios da *VIII Bienal Balconadas*.



Arume





Arume

### *Pregón das Festas*

**S**r. Alcalde, autoridades, amigos todos: Eu son un humilde periodista que traballa nun grande xornal; un xornalista gráfico que fai cada día en *La Voz de Galicia* a caricatura do que acontece na política galega e que nunca quixo traballar fóra de Galicia, non porque Galicia sexa o mellor país do mundo, senón porque en ningún outro lugar sería tan feliz como son en Galicia. Prefiro estar aquí e pintarlle a gaita ó presidente Fraga, os rulos a Beiras e as cellas a Touriño, que estar en Madrid e pintarlle o bigote ó presidente Aznar, ou os mofletes a Zapatero, ou que sei eu ós ministros entrantes e saíntes no goberno.

Non digo eu que os galegos sexamos mellores cós non galegos, pero entre nós entendémonos e sabemos cando falamos en broma e cando non falamos en serio, porque a verdade é que case sempre falamos en broma e en serio poucas veces. Por eso os de fóra non nos entenden e cando nos atopan nunha escaleira non saben se subimos ou baixamos.

Ós galegos caracterízannos este amor que sentimos pola terra e o noso sentido do humor.

O humor mamámolo desde nenos na casa.

Miña nai facía o caldo e, se lle saía soso, eu dicíalle:

*-Esto non ten sal.*

Miña nai respondía:

*-O sal non é bo.*

Pero ó día seguinte botáballe unha presada de sal e o caldo non se tragaba. Eu protestaba:

*-Esto moito sal ten.*

E miña nai defendíase:

*-As comidas sen sal non saben a nada.*

Si, o humor, e dentro do humor a retranca, é unha característica peculiar do ser galego

A retranca permítenos saír sen comprometernos dunha situación comprometida. A resposta máis retranqueira é a tan coñecida «*por un lado ti xa ves, e polo outro ¿que queres que che diga?*».



Artume

Retranca a da vella a quen lle foron pedir para as festas e dixo:

*-Como vostedes xa viñeron outros, e tampouco levaron nada, que non se lles pode dar a todos.*

En Galicia abundan os profesionais que facemos humor, pero o humor máis intelixente e divertido é o humor anónimo e popular.

O alcalde dun pequeno concello facía cada ano o pregón das festas, pero remataba axiña, dicindo:

*-¡Pero vou calar que o meu non é falar; o meu é obrar!*

E na vila chamábanlle «o estriñido» porque dicían que levaba seis anos coa mesma lería e aínda non obrara nada.

Eu estou hoxe aquí para facer o pregón das festas de San Roque, un santo do que pola *Acta Bravoria*, escrito anónimo do século XV, sabemos que naceu no ano 1300 na cidade francesa de Montpellier, que antes pertencera ó reino de Aragón. Sabemos tamén que era de familia rica, que ós vinte anos quedou orfo e que vendeu de contado todo canto herdara para dar os cartos ós pobres, e marchar peregrino a Roma.

A peste assolaba as terras da Toscana, e Roque púxose a atender enfermos, conseguindo curacións inexplicábeis. Dise que na cidade de Ceanea curou a un cardeal, que, agradecido e marabillado, levouno a presenza do Papa.

Roque seguiu curando afectados da peste ata que el mesmo colleu a enfermidade. Daquela, para non contaxiar a ninguén, retirouse a unha fraga, e desapareceu. Pensouse que se non morría da peste morrería de fame, pero non foi así, que un canciño ía visitalo cada día e leváballe un anaco de pan. Tampouco morreu da peste, que o dono do cadelo, estrañado do comportamento do animal, seguiu e atopou a Roque esmorecendo. Levouno á casa, alimentouno e atendeuno ata que colleu folgos.

Non, a morte de Roque produciuse por mor da violencia humana, máis perigosa cá mesma peste. Roque quixo volver a Montpellier pero no norte de Italia, nun pobo chamado Angera, á beira do lago Maggiore, os soldados, coidando que era un espía, prendérono e levárono ó cárcere. Ninguén atendeu as súas razóns e no cárcere morreu. Só tiña trinta e dous anos.

Pero desde Venecia espallouse o seu culto por toda Europa, converténdose no defensor das cidades contra a peste e todas as epidemias.

A peste viña galopando no seu cabalo amarelo, e as cidades pedían axuda ó santo. San Roque sentábase á porta da cidade e a peste pasaba e non entraba.

A ninguén pode estrañar que Roque se convertise nun dos santos máis queridos en todo Occidente. Baixo a súa advocación erguéronse igrexas, hospitais, fontes e escolas, que recordan a súa entrega xenerosa no intre de axudar ós que sofren. As xentes humildes sentírono como propio e tratárono con confianza familiar.

Non é casual que unha vella cantiga galega diga:



Fersal

*Por berrar «Viva San Roque»  
prenderon ó meu irmán;  
agora que xa o soltaron  
¡Viva San Roque e o can!*

Non, non é casual este ton reivindicativo na voz popular. O escritor Silvio Santiago recórdanos nun libro fermosísimo como en Vilardebós, na provincia de Ourense, os ricos oían misa na igrexa do Santísimo Sacramento, e os pobres na capela de San Roque. O cura, que era home de bo humor e algo burlón, gostaba de aguilloar ós paisanos na taberna, e dicía, por exemplo:

*- ¡Ai, este ano a procesión do Sacramento vai ser cousa de admirar; non sei se pagará a pena facer a de San Roque!.*

E sempre había un paisano que se alporizaba:

*- ¡O que, ho! ¡A procesión de San Roque? ¡A procesión de San Roque val mil veces máis cá do Sacramento!*

*- ¡Que vai valer, ho!-* Retrucaba o cura, raposeiro.

*- ¡Mil veces máis, mal que lle pese a usted e máis a todos os señoritos da vila!*- contraatacaba o paisano, e moi cabreado concluía:

*- ¡Bueno coño; vai comparar o Sacramento con San Roque!*

Velaí a identificación do pobo co santo. E porque ós santos milagreiros cómpre recordalos con ledicia, tal día como hoxe estanse a celebrar festas na súa honra en moitos países do Europa e de América; en moitos concellos de España e en moitas vilas de Galicia, entre elas, naturalmente, esta de Betanzos, tan rica en historia, fermosa e engaiolante como poucas.

Dí Carlos Martínez Barbeito que en Betanzos todo é memoria e nostalxia. Pode que si, que a memoria e a nostalxia son pouso da historia e da cultura, pero eu engadiríalle a maxia á percepción de Martínez Barbeito.

Hai algo máxico nesta vila. Maxia nas pedras vidreiras de Santa María do Azougue, de San Francisco, de Santiago e de Santo Domingo. Maxia nas portas do casco antigo, nas rúas e prazas; maxia nas casas ricas ou humildes, pero sempre nobilísimas; maxia nos nomes das xentes que aquí moraron e que son xa historia: o rei don García, os Andrade, os Lanzós, os Taboada, os Castro, os Maseda... Sempre que veño a Betanzos me parece ver na distancia a Antolín Faraldo, soñando unha Galicia máis galega; ós irmáns García Naveira, procurando abrir ó mundo a intelixencia colectiva dos seus paisanos; a don Francisco Vales Villamarín co Anuario Brigantino na man... Unha Santa Compañía, en fin, de betanceiros inmortais. Quen sabe se non sería tamén sombra dunha ilusión aquela fermosísima betanceira que me roubou o corazón unha noite de Ano Vello, en Ferrol, hai 43 anos. Unha moza belida como unha fada, que nunca máis vin, pero que nunca esquecín.



*Premios «Garelos 2002»:  
Asociación das Cascas.*



*Premios «Garelos 2002»:  
o deseñador Jorge Vázquez.*



*Premios «Garelos 2002»:  
Instituto Francisco Aguiar.*

Artume

A maxia de Betanzos sentiuna o máximo Álvaro Cunqueiro, que dicía que poucas cousas podería haber máis gratas ó seu espírito que acadar o dominio da prosa que lle permitira escribir coa elegancia literaria que en arquitectura ten o edificio destinado a ser Arquivo de Galicia. Unha prosa que fose ben ó concurso académico, co matiz preciso do clasicismo, para falar ós cabaleiros da Francia, inventores da aerostática, do Betanzos dos Cabaleiros e de como é o voso globo grande e admirable; cal a súa gracia e albedrío no voo. Un globo que se eleva pola arte e ciencia aerostática que a familia Pita transmite de xeración en xeración, coa axuda da maxia que envolve Betanzos e todo o betanceiro.

Pero hoxe empezan as festas e eu quero animalos, amigas e amigos, veciños e forasteiros, a vivilas intensamente. Invítoos a que se deixen engaiolar tamén pola maxia do bo comer, do bo beber e do bo rir, que Betanzos ofrece entre outras moitas regalías as da gastronomía e do divertimento, que culminan cada ano na xira ós Caneiros. Que non falten os manxares, nin a risa, nin tampouco o viño; este viño lixeiro e amantiño de Betanzos.

O bo viño é néctar celestial e, mesmo por eso, cómpre aprender a bebelo.

Cunqueiro aprendeu a beber na taberna de *Póngalas*, en Mondoñedo, onde unha noite de novembro na que chovía a mares, foran beber as benditas ánimas do Purgatorio. Eu aprendín a beber en Ferrol, de onde son, nas tabernas *O Choio* e *Entra e verás*, onde entraba Fabián o clarinetista, que pedía as cuncas de dúas en dúas: unha para el, outra para o clarinete, e dicíame que hai que beber con moderación.

Os galegos somos bebedores e nas festas dicimos que «máis vale que sobre o pan e non que falte o viño». Os vellos saben que «o viño fai bo sangue», e os precavidos advirten de que «máis vale embebedar que constipar». Debe de ser certo porque o refraneiro afirma que «o viño e o limón medio cirurxanos son».

As excelencias do viño cantáronas, entre outros, o sabio Salomón, o xenial Shakespeare, o gran Quevedo e o eminente médico don Gregorio Marañón. Eu únome a tan ilustre coro, cunha recomendación: *Que non falte o viño, pero que non sobre.*

¡Boas festas!  
*Siro*



Fersal

## 15 de agosto de 2002

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña María Corzo Sánchez, que recibiu a coroa de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares. Acto seguido, Hugo Arévalo López deu lectura ó Pregón Infantil.

### *Función do Voto*

(16 de agosto)

Señor San Roque:

Novamente atópome postrado ante a túa xenerosa presenza para agradecerche a mediación e axuda que en momentos especialmente difíciles nos prestaches cando a enfermidade e as pestes nos assolaban. Fuches un magnífico valedor, polo que Betanzos quere recordarte permanentemente e dedicarche o mellor das súas festas e tradicións. É por iso que, ano tras ano, dende 1416, es o noso Patrono e a principal referencia destas festas de carácter turístico nacional, nas que cidadáns, familiares e visitantes honrámoste merecidamente.

Cando intercediches tan decididamente por nós, había unhas pragas que se mitigaron. E a sociedade actual ten outras para as que che pido a Túa axuda. É insostible que unha boa parte do mundo se destrúa na maior das miserias, cando os países desenrolados dilapidamos amplamente o que esa sociedade do Terceiro Mundo necesitaría de forma imprescindible. Esta inxusta situación provoca atentados, mortes, guerras e desencontros, moitos dos cales se poderían solucionar cunha maior xenerosidade do mundo capitalista, se realmente se enfundara cos valores humanos e cristiáns que nos ensinaches.

Non é de recibo que dentro dunha sociedade democrática como a española, aparezan grupos terroristas que, cos seus hábitos coaccionadores e a súa violencia inxustificada, chantaxeen unha boa parte da sociedade que, en moitos casos, ten que pagar coa súa vida, co seu desterro, coa ruptura familiar e doutras formas traumáticas, a ira desas persoas insensibles. Colabora para que se atope unha solución a ises traumas e ás moitas situacións inxustas do mundo que poden simbolizarse no drama que viven os xudeus e os palestinos en Terra Santa, convertida nun polvorín polas miserias humanas e a falta da respecto mutuo.

E trata de que outros cánceres da sociedade actual como o consumo de drogas e alcohol, o capitalismo atroz que sitúa os obreiros e as persoas máis humildes nunha situación cada vez peor, os problemas da inmigración e do paro e en xeral, a falta de valores, se vexan superados e se corrixan as enormes diferencias que dificultan a vida cristiá que nos ensinaches.

A túa imaxe, templo da espiritualidade, permitirá protexer dunha forma especial ós que máis o necesitan: ós enfermos, que co bálsamo anímico do teu exemplo, mitigarán as súas doenzas e ós anciáns que tanta relevancia teñen en que todos disfrutemos do mundo actual e que necesitan maior atención e comprensión, así como un recoñecemento que, moitas veces non é o que se merecen, o que os obriga a refuxiarse en ambientes lonxanos ó cariño familiar e ó respecto social que eles crearon.

Señor San Roque: A través da miña humilde ofrenda que fago como Alcalde no nome do pobo de Betanzos, pídoche unha vez máis que axudes a todos aqueles que teñen verdadeiras necesidades, é dunha forma especial ós betanceiros, presentes e ausentes, para que coa súa colaboración contribúan a conseguir un Mundo dominado polos valores da Xustiza, a Paz, a Tolerancia, a Concordia e o respecto ós Dereitos Humanos.

Que así sexa. Moitas grazas.



Arume

**Manuel Lagares Pérez**

Alcalde Betanzos


Anuario Brigantino 2002, nº 25

**16 de agosto de 2002**

Como tódolos anos, ás 12 da noite, lanzouse desde a torre de Santo Domingo o Globo de San Roque, que realiza a familia Pita. O Globo, o máis grande do mundo construído en papel, ascendeu de novo ó ceo de Betanzos e de Galicia, para admiración do numeroso público asistente.



Alfredo Eiras



César: E. Blanco



César: E. Blanco

### 18 e 25 de agosto de 2002

Como é tradicional, foron moitas as persoas que subiron o río arriba polo Mandeo e se achegaron ó campo dos Caneiros para disfrutar desta singular romaría. A novidade no río era a Diana Cazadora, a nova lancha do Concello, que foi construída en Catoira.

### **24 de agosto de 2002**

Celebrouse no estadio García Irmáns o Trofeo Cidade de Betanzos entre o Fabril e o Betanzos C. F. O gañador foi este último por un gol a cero.

### **27 de agosto de 2002**

O Betanzos C.F. disputou contra o Rápido de Bouzas a final da Copa Federación. O gañador foi o equipo vigués polos goles en campo contrario, xa que remataron os dous partidos con empate.

### **8 de setembro de 2002**

Foron varios milleiros de persoas as que se achegaron este día ó Santuario dos Remedios para celebrar a tradicional romaría.

### **Setembro e outubro de 2002**

O Mandeo inundou varias veces ó longo destes meses parte da zona do Malecón e da Marina.

### **14 de setembro de 2002**

A praza do Campo foi o final de etapa dun *rally* de coches clásicos. O de menos foi competir, o importante foi gozar da condución destes automóbiles e ó mesmo tempo degustar a gastronomía betanceira.

### **17-29 de setembro de 2002**

Puido contemplarse estes días na Sala de Exposicións do Liceo a mostra *Memoria del paraíso* con pinturas de Javier Cordero.



César: E. Blanco

### **26 de setembro de 2002**

Na Sala de Conferencias do Edificio Liceo presentouse o Anuario Brigantino, nº 24. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares a quen acompañaban diversos membros da Corporación municipal, entre eles o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz e o Tenente de Alcalde, D. Antonio Lagares, así como o Director da publicación, D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do escritor, poeta, editor e Presidente da Agrupación Cultural *O Facho*, da Coruña, D. Xulio López Valcárcel.

### **9-13 de outubro de 2002**

Na Aula Municipal de Cultura e nas rúas da cidade desenrolouse ó longo destes días o Festival Internacional de Títeres *Galicreques 2002*, no que participaron as compañías de Eslovenia, Arxentina, Cuba, Bélxica, Andalucía e Galicia.

### **15-27 de outubro de 2002**

Ó longo destes días celebráronse na Aula Municipal de Cultura as IV Xornadas de Rutas do Mundo: *Xornadas da aventura 2002 ...Para coñecer Galicia*, organizadas polo Concello de Betanzos, patrocinadas por Caixa Galicia e coordinadas por Xabier Ares (*Japy*). Música, vídeos, stands,





exposicións, conta contos e proxeccións de diapositivas amenizaron estas xornadas que contaron coa participación de Felipe Senén, Emilio Regueira, Fran Torrado, José Álvarez, Xacobe Meléndrez, Xurxo Mouríño, Manuel García, Santiago Pérez, Manuel González, Antonio Olinto, Alberto Bundi...



**21 de outubro de 2002**

Faleceu neste día D. Antonio Selgas Goyanes, un home moi querido na nosa cidade. Destacou en varias facetas profesionais como óptico, comerciante, profesor, fotógrafo... Foi por esta última pola que D. Antonio entrou en relación co Arquivo Municipal, concretamente no ano 1990 cando se reproduciu parte do seu fondo fotográfico e mesmo se editou, imprescindible documento para coñecer o Betanzos de mediados do século XX. Non o esqueceremos.

**19-31 de outubro de 2002**

No Liceo puido contemplarse unha mostra de fotos nocturnas de Betanzos, de Luís Pardo Caeiro.

**Novembro de 2002**

Neste mes comezaron varios cursos patrocinados polo Concello: aeróbic, ximnasia de mantemento, cestería, bailes de salón, manualidades e cursos de cociña nos centros sociais do Concello.

**6 de novembro de 2002**

Na igrexa de San Francisco tivo lugar a actuación da Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia, que estivo dirixida por Alberto Zedda. O concerto estivo organizado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo dentro do programa *Galicia nos sentidos*.

**8 de novembro de 2002**

O Consorcio de *As Mariñas*, a través do seu Presidente, D. Julio Sacristán, presentou na Sala de Conferencias do Edificio Liceo o programa *Pértega*, para a formación de mulleres desempregadas. Este programa estivo financiado polo Ministerio de Administracións Públicas, a Deputación da Coruña e o propio Consorcio. O acto estivo presidido polo Alcalde en funcións, D. Antonio Lagares e nel estiveron presentes o Alcalde de Abegondo, D. José Antonio Santiso, o Alcalde de Bergondo, D. José Fernández e o Concelleiro de Betanzos, D. Ramón García.



### 10 de novembro de 2002

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Binomio de Newton*, de Cándido Pazó, a cargo de Teatro de Adro.

### Novembro de 2002

Neste mes coñeceuse a noticia de que o escritor betanceiro, Xabier López gañara o Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta, que anualmente convoca o concello do Grove, coa obra *O mono no espello*.

César: E. Blanco



### 11 de novembro de 2002

Tivo lugar no Concello a firma dun convenio entre o periódico *La Voz de Galicia* e o Concello para publicar doce fascículos da obra, *Betanzos, tradición y futuro*, escrita polo periodista betanceiro, Ángel Castiñeira Purriños, que recibira no 1998 o premio ó mellor periodista multimedia.

### 13 de novembro de 2002

Neste día coñeceuse que á altura de Fisterra atopábase o petroleiro *Prestige* á deriva, que finalmente acabaría afundíndose no océano o día 19.

### 18 novembro de 2002

O clarinetista betanceiro Darío Mariño participou con grande éxito no Concerto de Xoves Intérpretes que organizou a Fundación Pedro Barrié de la Maza na Coruña. Os nosos parabéns a este músico, que a pesar da súa xuventude xa conseguiu importantes premios.


### 24 de novembro de 2002

Incorporáronse seis novos membros á Banda Municipal de Música. Como é habitual fóronse recollendo os novos integrantes polas súas casas, e finalmente celebrouse o Concerto da Ilusión na igrexa de San Francisco.



### 5 de decembro de 2002

A partir deste día e ata o mes de xaneiro veuse celebrando o Programa de Festexos do Nadal organizado pola Delegación Municipal de Cultura, Deportes e Benestar Social e pola Delegación Municipal de Festexos, que contaron coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado polo debuxo de Gonzalo López Pando do Colexio Vales Villamarín, gañador do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.



César: E. Blanco

### 5 de decembro de 2002

Gracias a un convenio da Xunta de Galicia a través do Consello da Cultura Galega e o Concello, inaugourouse no Edificio Liceo a Mostra *Galicia e América: Cinco séculos de historia*, que estuda e rememora a emigración galega en América, na que a nosa cidade estivo amplamente representada. Os paneis pasarán a formar parte dunha exposición permanente na nosa cidade. O convenio de cesión foi firmado polo Presidente da Cultura Galega, D. Alfonso Zulueta e o Alcalde, D. Manuel Lagares.

### 8 de decembro de 2002

A compañía de teatro Morcego representou na Aula Municipal de Cultura a obra *Os vellos non deben namorarse*, de Castelao.

### 15 de decembro de 2002

Na segunda planta do Edificio Liceo tivo lugar a inauguración do Belén Móbil, que organiza o Grupo de Amigos Belenistas coa colaboración do Concello. Estivo en funcionamento desde este día ata finais de xaneiro.

### 15 de decembro de 2002

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra de David Harrower, *Coitelos nas galiñas*, a cargo do grupo A Factoría Teatro.

### 17 de decembro de 2002

Na Sala de Conferencias do Edificio Liceo tivo lugar a presentación do xerente da Fundación Comarcal de Betanzos, D. Luís Osorio polo Secretario Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, D. Andrés Precedo. No acto estivo presente o Tenente de Alcalde e membro da Fundación, D. Antonio Lagares.



César: E. Blanco

**18 de decembro de 2002**

Na Sala de Exposicións do Edificio Liceo tivo lugar a inauguración da mostra *As Imaxes de Castelao*, organizada por Caixa Nova en colaboración co Concello.

**21 de decembro de 2002**

Na Praza do Campo celebrouse a *Feira do Galo e Mercado de Nadal*, para fomentar e promover produtos tradicionais da comarca. A organización correu a cargo da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Betanzos coa que colaboraron diversas asociacións locais. No concurso resultou gañador o galo presentado por D. Manuel Casanova, seguido dos presentados por Concepción Vilanova e Isabel Varela. Estes galos foron subastados e o seu importe destinado a Cáritas de Betanzos.



César: E. Blanco

## NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

### **Tema**

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

### **Publicación**

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

### **Formato e soporte**

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

### **Extensión e ilustracións**

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

### **Idioma**

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

### **Autor-Autores**

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servicios, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

### **Sumario e Abstract**

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

### **Texto**

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ' ... ' resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

### **Citas bibliográficas**

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

**A)** Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guiño). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al.*

**B)** As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indícanse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

### **Bibliografía**

A BIBLIOGRAFÍA sitúase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique*. Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indícase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E inclúese unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábicas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, pónese APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indícase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

### **Corrección de probas**

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción. Non se admitirán variacións substanciais no texto.



ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2002, Nº 25, HERDEIRO  
DO Nº 1 DE 1948, REMATOUSE DE IMPRENTAR  
NO PRELO DE LUGAMI EN BETANZOS  
O 25 DE XULLO DE  
2003

